



CIRCULAR Nº: 2/2014	DATA: 17 de febreiro de 2014
ÓRGANO EMISOR: DIRECCIÓN XERAL DE EMPREGO E FORMACIÓN	
ASUNTO: Instrucións relativas a obriga de levar unha contabilidade separada ou código contable axeitado a que se refire o artigo 60 do Regulamento (CE) 1083/2006, en relación as operacións cofinanciadas polo FSE.	

As ordes de convocatoria da Consellería de Traballo e Benestar que regulan as axudas para a xestión dos programas de apoio e asistencia na busca de emprego, tanto para a xestión técnica e coordinación dos programas de promoción do emprego no ámbito local e colaboración con entidades sen ánimo de lucro, como dos programas mixtos de formación e emprego, establecen que os mesmos, poderán ser cofinanciados polo Fondo Social Europeo nunha porcentaxe do 80 por cento a través do Programa Operativo adaptabilidade e emprego para o período 2007-2013.

É por isto que este réxime de subvencións quedará suxeito, entre outros, ao Regulamento (CE) nº 1083/2006, no que se establece a obriga de que as entidades beneficiarias de axudas ou subvencións cofinanciadas por Fondos Europeos deban acreditar que levan contabilidade separada ou código contable axeitado para os gastos obxecto de subvención.

O artigo 60 de dito Regulamento, no que se regulan as funcións da Autoridade de xestión, recolle no seu punto d) o seguinte:

“Asegurarase de que os beneficiarios e outros organismo participantes na execución das operacións manteñen un sistema de contabilidade separada ou un código contable axeitado en relación con todas as transaccións relacionadas coa operación, sen prexuízo das normas de contabilidade nacional”.

